



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Ben chegadas, cantas persoas nos ledes, a este comezo dun curso novo, especialmente significativo para quen, por idade e profesión, se mova dentro dos ciclos, tempos, horarios do «curso», que directa ou indirectamente o somos case todas.

Na igrexa galega, como na que se constrúe noutras partes deste primeiro mundo europeo, andamos con isto de que facer para que a proposta de Xesús, o Cristo, sexa significativa para a xente que nos rodea. E diso falaremos algo nesta Crónica. E na sociedade española, en concreto, andamos, cando isto escribo, na indecisión de quen poida ser a persoa e os grupos políticos que rexan as nosas vidas para a nova lexislatura.

O panorama é preocupante, colla por onde se colla. Alóngase o clima previo ás elec-

cións, caracterizado polo distanciamiento dos dous bloques que poden acceder ao goberno do país, aínda que se rebaixase un chisco o ton insultante. Non sabemos se cando saia esta revista se terá aclarado o dilema.

Expresamos inquedanzas, pero non é este o espazo para compartir preferencias (Igual o valorado no apartado I desta Crónica nos retrate un pouco.) Pero si que queremos opinar sobre a configuración do Estado español como un estado autonómico e mesmo plurinacional, cuestión que se está a converter nun tema crucial cara á nosa estabilidade política. Parece que aceptarnos, querernos, protexernos, expresarnos así como somos sería o máis construtivo. E se iso practicamos en forma e fondo, moitas pantasma

esquecerían as nosas noites, moitas agresividades amainarían, moito pracer envolvería a nosa convivencia. Sería simplemente o de construír a unidade desde a diversidade. Que gusto dá, cando un de fóra te vén visitar, ver que te valora na diferenza, desexa coñecela, séntese enriquecido por ela, agrádecete distinta. E isto no campo da cultura –lingua, se hai esa sorte– e no campo da economía, dos recursos. En «*Fratelli tutti*» o Papa deixounos preciosos criterios vitais para situarnos ante a tarefa de construír políticas, sociedades, abertas, inclusivas. Quen nos sentimos Igrexa temos algo moi digno que achegar.

1.- Unha man lava a outra e as dúas lavan a cara

Deste xeito tan simple e fermoso a nosa tradición retrataba a importancia da axuda para nos desenvolver na vida, no máis simple e no máis complexo.

Nas eleccións pasadas, ante a transcendencia do noso voto dubidamos moito que a campaña electoral axudase a pensar serenamente para poder

escoller aquilo que máis precisamos nesta hora como persoas e como sociedade. Máis ben parece que era o balbordo, moitas veces desconsiderado, irracional, mesmo insultante, o que intentaba arrastrar a nosa intención, o noso voto.

Con isto por diante, a Conferencia Episcopal Española, a través do seu secretario xeral García Magán, en roda de prensa do 29 de xuño, decidiu non emitir ningún comunicado, dando por feito que a cidadanía tiña criterio e madurez abunda para saber o que lle cumpría votar. Quizais asumindo, quen sabe, que o posible comunicado non tería relevancia social algunha. Só fixo referencia «á defensa da vida en todo o seu arco: desde o inicio ata o final natural», engadindo, iso si, como ultimamente se vén facendo nos comunicados oficiais ao respecto, que a defensa da vida non só se refire a asuntos do aborto e eutanasia, senón que tamén inclúe condicións laborais, sanitarias e educativas dignas; a maiores subliñou a protección fronte á violencia intrafamiliar e extrafamiliar (evita a expresión «violencia machista») e liberdade

de conciencia e relixiosa. Chegounos como cousa manida, rutineira.

Pouco antes, o 15 de xuño, Cáritas lanzaba «oito propostas políticas para conseguir un futuro que nin está moi lonxe, nin é pecado podelo acadar, e no que todas as persoas poderán vivir mellor.» Pensamos que este anuncio si tiña intención de axudarnos a abrir a nosa perspectiva electoral. As oito propostas dicían cousas concretas e, ao noso ver, moi atinadas referentes a: 1. Dereitos humanos, 2. Vivenda, 3. Coidados, 4. Administración achegada, 5. Emprego, 6. Migracións, 7. Violencia machista, 8. Cooperación internacional. Paga a pena relelas aínda en tempos postelectorais. Certamente unha proposta alternativa.

E xa nun ámbito galego, a revista *IRIMIA*, entre outras análises no interior, amosaba en portada unha composición cun título que dicía «Non é votar por botar un voto. É votar... (e engadía este arco de concrecións): por máis igualdade, por un teito digno e accesible, polo planeta das nosas netas, polo esforzo recompensado, pola democracia

enerxética, pola diversidade lingüística, pola fin dos privilexios, pola agro-gandaría sustentable, pola saúde para todas, pola aberta entre os diferentes, por unha sociedade compasiva, por que ninguén quede tirado, polo traballo decente, pola honestidade feita costume, pola xustiza fiscal, pola equidade territorial, por unha humanidade única, polo aire limpo. Tamén aquí propostas alternativas polas que urxe apostar.

2.- Alguén en quen ollarse

Tiña disposto desde a anterior crónica reservar un espazo nesta para presentarlle ao lector algunhas persoas humildes, desas que van madurecendo ou se van indo, deixando tras de si un regueiro de luz e de esperanza. Algúns son clérigos, outras non.

A primeira destas persoas era Moncho Valcarce, a quen a Irmandade Moncho Valcarce gusta lembrar este ano co gallo dos 30 anos do seu pasamento. Pero nas páxinas do último número desta revista (233, 68-79) Rubén Aramburu Molet fixo unha estupenda presentación de Moncho, que

escusa totalmente que eu teña que dicir máis. Grazas por Rubén e grazas abondas por Moncho.

A segunda persoa por sorte segue viva e moi lúcida e mesmo militante aínda aos seus 92 anos. É o cura Antonio González Bernárdez, da diocese de Ourense. Permítome transcribir o parágrafo co que Avelino Muleiro, director do Instituto de Estudos Carballineses, empeza o prólogo do libro «Lembranzas de Antonio González Bernárdez, veciños e cura de Loureiro», no que o mesmo Antonio fala da súa traxectoria vital :

«As transcendentais pegadas dunha vida solidaria e plenamente dedicada aos demais como é a de Antonio González Bernárdez, párroco de Santa María de Loureiro, saen dun reducido círculo parroquial para transportar toda a súa información á comarca carballinesa así como para engrandecer a historia de Galicia. O Instituto de Estudos Carballineses considera necesario evitar que persoas coma esta, que dedican a súa vida a loitar en favor dunha mellor existen-

cia de todos, queden marxinalizadas na amnesia social e as súas biografías sepultadas no esquecemento da historia. Por tal razón, este libro aporta unha necesaria e valiosa información do seu párroco para os veciños da parroquia de Santa María de Loureiro así como para a comarca carballinesa, desde a que se catapultará a Galicia como mensaxe dunha ética transformadora, dunha aposta pola convivencia e dun espírito de empatía e de entrega.» (p. 3).

Efectivamente, Antonio González Bernárdez nace en Santa María de Loureiro, concello do Irixo, Ourense, no 1931, faise crego no 1956 e despois duns primeiros anos noutras parroquias como tal, no 1965 asenta de novo na súa parroquia natal ata o día de hoxe. Antonio foi un fiel representante da sensibilidade conciliar do Vaticano II, segundo a cal entendía que evanxelizarse non era dicir palabras relixiosas á marxe da vida da xente, senón dicilas, si, facéndoas efectivas na vida normal da xente, sempre para que a xente tivese vida, e vida abundante, conforme o mesmo Xesús gustaba definir a súa misión (Xo 10, 10).

E aí temos o noso benemérito desenvolvendo toda a súa vida sacerdotal empuxando o carro da vida nas súas diferentes demandas, desde unha fonda integración veciñal: servizos básicos, luz, auga, organización veciñal a prol dunha eficiencia do traballo e da produción rural, movemento cooperativo destinado primeiro a vender conxuntamente os becerros, venda directa do leite, almacéns de grans, canalización de regadío, fabricación e venda de iogures, de kefir...

Chama a atención en Antonio a súa humildade, a súa audacia, o seu saber moverse, contactar, implicar a xente, recibir axudas, ... e todo iso moi integrado dentro dun traballo cultural e relixioso nas parroquias, cun coidado exquisito polos templos, cunha atención moi especial á xente nova, cando aínda a xente nova era moita nos pobos. Como el mesmo afirma no libro citado:

«Eu sempre me dicía: o que outros fan, nós tamén somos capaces de facelo, tanto o bo coma o ruín. Era o orgullo de axudar ao meu pobo, de facer unha parroquia grande en todos

os aspectos: no tema relixioso, onde se vivise o amor a Deus e tamén o amor de familia, e todo isto, sempre, dentro dunha harmonía fraternal e humana» (p. 54).

Un referente, sen dúbida, dunha forma de ser crego, respondendo ao momento histórico que así o demandaban e aos reclamos do Evanxeo.

E a terceira persoa da que vos quero falar é un frade paúl, Manolo Peleteiro, que actualmente, aos seus 81 anos anda ás voltas coa enfermidade. Manolo, nado no 1942 en Ferreirúa de Viñoás, concello de Negueira de Ramuín, Ourense, forma parte dunha familia comovida polo mesmo Deus; dos cinco irmáns, catro: Consuelo, Bieito, Xosé Carlos e o mesmo Manolo fixeron profesión relixiosa: monxa da Caridade ela e frades paúles eles tres.

Formados ao redor do santuario dos Milagres de Maceda, Ourense, onde os frades tiñan colexio, Manolo foi tamén un abre camiños nos modelos de formación e convivencia escolar. Alí sentiu a urxencia de envolver o traballo educativo nunha elemental conciencia de

nós e do noso, empezando pola normalización do uso do galego.

As cousas non cadraron cos gustos de quen mandaba e, pasado un tempo, vemos os tres irmáns en Filgueira de Barranca, Cesuras, como encargados dunha serie de parroquias, que atenderon do 1978 ao 2000 desde a convivencia veciñal máis absoluta, desde a pobreza, desde a gratuidade, desde a promoción relixiosa, cultural, desde a defensa dun estilo de vida rural san, aberto ao progreso, pero atento igualmente á tradición, ao noso, en todo, coa nosa fala como hábito agradecido. O Movemento Rural Cristián foi un dos espazos de evanxelización que enriqueceron coa súa presenza activa.

Tampouco as cousas foron do pracer de quen en Santiago tiña mando, e houberon de deixar as parroquias para iren durante uns anos ao convento de Vilafranca do Bierzo. Poucos anos despois morre Xosé Carlos. Bieito e Manolo volven ao fogar que os vira nacer e alí viviron unha ancianidade señoardosa, pero fecunda. Xa soamente queda o Manolo, loitando coa enfermidade, ofrecendo a quen

o visita aquel aire de persoa sempre humilde e amiga, de home de ben e de paixón rabuda polo máis limpo do Evanxeo. E que así o poidamos ver e acompañar ata que volva gozoso á casa do Paí ou Nai maior que dicimos Deus.

3.- E en mulleres tamén

Como ben sabe o lector, teño feito o propósito de que cando comparto o recoñecemento por algúns varóns, síntome na obriga de sumarlles o dalgunha muller –habelas hainas, e a mancheas–, que merezan tal valoración. Querendo facer iso, e querendo envolver a súa memoria nalgún refrán acaído, levei a desagradable sorpresa de que nun dicionario de refráns de Germán Conde Tarrío, que teño a man, moi actualizado, todos os refráns referidos a mulleres teñen carga negativa, despectiva. Vállanos Deus!

Non desisto emporiso de poñervos nas mans e no corazón a imaxe de dúas mulleres queridas, así sexa brevemente.

A primeira é unha muller rural, veciña miña, de Abadín. Chámase Erundina. O nome

—que supoño derivado de *hirundo/nis*, *andoriña*— xa é precioso, doce, amigable; pero éo moito máis o ser desta muller que tamén na súa ancianidade —anda nos arredores dos 80—, nos deu a todos os veciños leccións da máis fina e humilde resiliencia amorosa no acompañamento e coidado do seu esposo, Antonio, o Capeleira, morto hai pouco.

Era un dos moitos casos que se dan nas nosas aldeas, cando o matrimonio xa maior ha de aceptar en soidade —sempre hai compañas significativas que alivian as circunstancias— o envellecemento, a enfermidade, adoito con demencia, e, en fin, a morte. Evidentemente as mulleres teñen moito mellores maneiras para afrontar estas situacións, quizais porque atender, coidar foi sempre, ata o presente, oficio co que habían de cargar necesariamente as mulleres.

Pois aí estivo, un ano tras doutro, día si e día tamén, e co día a noite, coidadosamente presente, pacificada e pacificadora, vivíndoo todo desde unha fidelidade amante, desde unha humildade que soaba a aquilo evanxélico de «somos simples

servidoras: total, non fixemos máis do que tiñamos que facer» (Lc 17, 10).

Erundina é unha desas santas da porta do lado, que diría o Papa Francisco: «Todos estamos chamados a ser santos, vivindo con amor e ofrecendo o propio testemuño nas ocupacións de cada día, alí onde cada quen se atopa. (...) Estás casado? Sé santo amando e ocupándote do teu marido ou da túa esposa, como Cristo o fixo coa Igrexa» (*Alegrádevos e brincade de contento*, 14).

E a segundo muller da que vos quero falar, moveuse tamén no mundo dos coidados, aínda que doutra maneira. Con 57 anos morreu repentinamente o 26 de xuño. Chámase Carmela Primo Constantino, natural de Lugo, pero residente no Ferrol. Traballaba en Cáritas como traballadora social. Botou a andar o programa de Persoas sen Fogar e desde o 2019 pasou a ser Técnica de territorio, acompañando os voluntarios das Cáritas parroquiais.

A secretaria xeral de Cáritas Diocesana de Ferrol, Marta Pazo, definíaa como «muller súper implicada, que traballaba

desde o humano e máis alá dos horarios laborais, porque para ela o seu traballo era a súa vida.»

E en carta de despedida a Directora de Cáritas, Toyi González, dicía dela (traducimos ao galego):

«Cun mimo especial acompañaches as mulleres vítimas de xénero. Todoterreo, axóuxere, intensidade, entusiasmo, desbordante, vitamina, paixón, boa enerxía, son as palabras que nos saen para expresar como sentimos a túa vida ao noso carón. Era un pracer traballar contigo, desde a túa proximidade e confianza, empezabas contándonos un proxecto soñado e, cando nos decatábamos, xa nos sentiamos parte do mesmo e xa estábamos en marcha, intentado facelo realidade».

En fin, outra santiña da porta do lado, como tantas e tantos máis que podemos enxergar e agradecer se collemos a afeción de observar con tino e gardar no corazón.

4.- Pasado, presente... e futuro?

Se no apartado anterior subliniamos adrede algúns recorridos vitais de persoas crentes,

foi porque saltaron ao público coñecemento por simples razóns de vida, pero tamén porque nestas últimas datas nos sentimos como provocados por determinadas maneiras de entender a vida cristiá no pasado, no presente, e quen sabe se tamén no futuro.

Pura sorpresa foi que no número 3.320 de *Vida Nueva* o prego central, escrito por José Luís Corzo, do Instituto Superior de Pastoral (Universidade Pontificia de Salamanca), levase por título: «Lorenzo Milani, maestro y cura de Barbiana, un profeta de nuestro tiempo». O escrito pon en valor a traxectoria dunha persoa, dun cura, xustamente cando se fan 100 anos do seu nacemento (27 maio 1923).

Lorenzo Milani (1923-1967) desde o comezo mesmo da súa traxectoria pastoral rebelouse contra unha práctica clerical que ignoraba a desigualdade social e, queréndoo ou sen o querer, situábase sempre do lado dos considerados superiores, e desde aí pretendía o imposible: buscar unha suposta aquiescencia con Deus e a súa mensaxe. Fronte a iso enten-

deu que a grande ferramenta de igualación vital era darlle a palabra, a capacidade de dicir e de dicirse a aquela xente empobrecida coa que fixo pacto de permanencia desde o primeiro momento, cando, ao día seguinte de chegar á pequena parroquia de Barbiana, Florencia, á que ninguén quería ir, foi mercar uns metros de terra no cemiterio municipal para a propia sepultura.

Logo veu un intenso traballo escolar pastoral con aquela xente marxinal, que quedaría recollido en dous libros senlleiros: *Experiencias pastorais* (1958), e *Carta a unha mestra*, libros discutidos, sobre todo o primeiro, no ámbito eclesial, pero moi valorados no mundo pedagóxico.

Lorenzo Milani morreu aos 44 anos, cando o Vaticano II daba sentido á súa orixinalísima traxectoria pastoral, que cos anos iría tendo réplicas no noso mundo occidental e sobre todo nos países americanos a través da teoloxía da liberación. O Papa Francisco tivo a ben subir a Barbiana no 2017, aos 50 anos da morte de Lorenzo Milani, para agradecer a súa

vigorosa achega ao traballo contra a marxinação e o descarte, que segue tendo cores propias nos nosos tempos. Non é doado bater co punto xusto no que Lorenzo soubo situarse a si mesmo e o seu traballo, fuxindo de simplificacións por unha banda ou pola outra. Tanto o deprecian os imitadores baratos coma os seus acérrimos opositores. Paga a pena coñecer e meditar a súa vida, os seus escritos.

De ambiente familiar culto, burgués e mesmo agnóstico, afeccionado el á pintura, todo cambiou na súa vida coa súa conversión cando tiña 20 anos. No seminario maduraron as súas conviccións que logo marcarían a súa curta e densa existencia. Un mestre do pasado e, por que non?, tamén do presente e do futuro.

Polos mesmos días deste reencontro gozoso, casualmente chegou ao meu móbil un vídeo de 7,32' no que se comparte o encontro de dúas figuras do baloncesto galego, Álvaro Muñoz, capitán do Obradoiro, e Erik Quintela, capitán do Breogán, cun clérigo tamén galego, Mateo Aguado. Un diácono ou

crego novo, guapiño, desenvolto, con habilidades baloncestísticas, que mesmo ousa marcarse algunha xogada con aquelas figuras dese deporte no claustro de San Martiño Pinarío, coido. Recordando tempos do preconcilio, hai 60-70 anos, nos que frades e seminaristas xogabamos con sotana, tamén el, hoxe, está e xoga con sotana. Podo pensar que o vídeo non foi feito precisamente para chamar a atención sobre o *derbi* que ían xogar aqueles días os dous máximos representantes do baloncesto galego, senón máis ben para promocionar a figura do clérigo e do seu talante evanxelizador.

O vídeo comeza co acendido de dúas lámpadas nunha igrexa por parte de cada un dos dous capitáns buscando axudas divinas para o éxito deportivo (!) e complétase nunha segunda parte cunha conversa desas normais que valen para facer o que se di un primeiro anuncio por parte de clérigo. Moi importante, iso si, é tamén o primeiro anuncio dos xogadores: a fe cristiá non é algo significativo para eles, respéctana como parte do acerbo cultural da sociedade da que forman parte, valoran iso

tan cristián de axudar, e teñen como cousas fundamentais a familia, os amigos, as relacións que van construíndo na vida, que para eles son máis importantes tamén que o mesmo baloncesto.

Pregúntalle a Mateo por que se fai crego e, con linguaxe deportiva, conta que se sentiu chamado por Xesús, o capitán do mellor equipo, para algo máis, para entregarse por completo, para servir a todo o mundo, para ser crego.

O vídeo está ben feito. Iso si, en castelán todo el, sendo que se comenta un acontecemento especialmente galego, en Galicia. Os xogadores brevemente poñen enriba da mesa unha problemática concreta sobre a fe cunha importante valoración, Mateo alude a unha chamada persoal a algo xenérico: axudar a todo o mundo (Lorenzo Milani, o cura de Barbiana, tíñalle pánico aos servizos xeneralizados, quizais lembrándose de Lc 4, 16-21). Faino con desenvoltura, con formas vivas. Un prototipo, quizais, do crego novo que está ocupando espazos na Igrexa e na sociedade. Moi lonxe de Moncho

Valcarce, Manolo Peleteiro, Lorenzo Milani e tantos outros. Abrindo camiños? Desenterrando mortos? Irano dicindo o tempo e as opcións concretas.

E logo Hakuna. Que é Hakuna? Para velo desde a narración dos propios fundadores e compoñentes deste movemento eclesial, podemos ler o libro *Hakuna. Vive la vida*, publicado por Editorial Planeta e escrito dun xeito algo orixinal —ás veces confuso— polo autor que aparece en portada, o cura José Pedro Manglano, e ao tempo por José María Sánchez Galera e unha tal Maca.

Como Manglano aclara no prólogo, *Hakuna*, palabra da lingua suahili (Kenia), é empregada para sinalar calquera tipo de prohibición. Así que o título do libro significa: Non. Vive a vida. Non. Deixa de lado todo o que che impide vivir a vida.

Hakuna, xuridicamente, é algo moi normal, unha asociación de fieis. Esa é a súa realidade, pero —así o afirma— «a realidade vestida é vida, ou mellor, Vida. Vida cun estilo determinado, espírito que alimenta actos, comportamentos e actividades, lume que arde

en corazóns, forza que move liberdades, enerxía que vence-la e irmanda, luz que en todo amosa beleza, amor que quita calquera límite que impida a unión... Hakuna é vida» (p. 11).

Hakuna naceu na JMJ de Río de Xaneiro do 2013, seguindo as palabras provocativas do Papa Francisco á mocidade alí reunida: «fagan lea». Alí estaba este crego do Opus cun grupo de universitarios madrileños, e non oíron as xordas as palabras do Papa. Á volta de dez anos foron quen de crear un amplo movemento eclesial entre a mocidade que chama a atención, que suscita preguntas, que recibe valoracións moi diversas.

Os eixos fundamentais desta realidade eclesial fóronse ampliando, diversificando; pero o seu acto fundamental é «axeonllarse ante Cristo Hostia, para despois aprender a vivir axeonllados ante o próximo, ante a vida e ante o mundo» (p. 18), para, deseguida, compartir nun local adxunto unhas cervexas, falar, rir, compartir..., ou saír a tomar unhas copas xuntos, levando na man o lema de «baila e déixate de historias». Pero que se poden compromete-

ter en tarefas do movemento, converténdose nos «*pringados*» (enzoufados) ou participar en grupos estables de formación espiritual, que chaman «revolucionarios» (envorcadas), que dedican días ao silencio e ao retiro espiritual, chamados «*God stop*» (parada divina), ou ir facer un voluntariado a calquera lugar do mundo, ao que chaman «*compartirados*», participan en «*soul college*» (escolas do espírito), e sempre, sempre coa música nos labios e no corazón: «Cantan o que viven e viven o que cantan», afirman de si, e tamén que «en Hakuna a fe apréndese cantando e exprésase cantando» (p. 31).

Gustan de definirse como organización moi pouco organizada, «que se encontra en *fieri*»(p. 19), pero teñen unha estrutura potente, xestionada de maneira tamén potente en boa parte pola mesma mocidade á que serven: teñen unha sede (Estudio chámánlle) en Majadahonra, Madrid, no que fora un convento de relixiosas; alí reside o líder fundacional, J. P. Manglano, con algúns residentes fixos, que están «*grow up*» (medrando), e moitos de paso. Crearon a «Fundación

Hakuna», que lles dá personalidade xurídica civil, para a que traballan doce asalariados a día de hoxe; editan libros, vídeos, manexan a web, organizan actividades diversas, coordinan, xestionan. Teñen unha *Shop* (tenda de vendas), onde venden suadoiros, gorras, camisetas... porque os cartos son necesarios. Reciben con gusto apoios económicos, algúns deles dun montante considerable.

Tamén aquí o tempo e as opcións concretas irán aclarando as cousas. Naceron con marca Opus, aínda que o sacerdote que lidera isto saíu amigablemente da estrutura do Opus, argumentando que isto era algo que dalgunha maneira non collía no espazo do Opus. O movemento está collendo unhas dimensións moi significativas. O éxito ante determinada mocidade –máis ben, na súa orixe, de clase alta, universitaria, educada en colexios relixiosos, cunhas marcas de identidade conservadoras no civil, no relixioso, no político–, está facendo que se lle estean abrindo as portas sen reparo en diferentes dioceses, dado o frecuente fracaso que na Igrexa se está experimentando

en relación coa evanxelización da mocidade. Pero a cousa non queda só na mocidade.

É un fenómeno eclesial digno de ser moi tido en conta. Ten elementos que nos parecen ben importantes, ese aire desen-volto, esa creatividade musical, ese saltar a linguaxe tradicional, buscando termos que provoquen e chamen (outra cousa é esa anglomanía, buscando non sei que), ese vivir o relixioso en espazos e formas densas e moi alegres, eses ritmos que empatizan cos que a mocidade escoita tanto, ese saber conectar cos sentimentos e emocións... Pero en que dará todo isto? Algo así podemos dicir que foi a iniciativa de Xesús no seu tempo; pero en Xesús deseguida aparecía o elemento conflictivo contra o sistema relixioso e civil impo- nente, que o levou por camiños de cruz.

Para Lorenzo Milani, para Moncho Valcarce, para Manolo Peleteiro todo isto posiblemente non pasaría dun entretemento espiritual. Hai quen afirma que no fondo estamos ante unha reedición do Opus dos anos 50-60 cunha modernización nas formas e aparencias. Pro-

metemos volver a isto con máis vagar e criterio.

5.- Sementar sementarei

Válenme estas dúas palabras do retrouso dunha histórica cantiga de «Fuxan os Ventos» para lle dar paso a unha realidade eclesial, que ten que ver co que ata aquí temos falado nesta Crónica. Os grupos eclesiais de aires máis conser- vadores son os que están a che- gando un importante número de vocacións sacerdotais en España e no occidente europeo. Desde a chegada do Papa Fran- cisco subliñouse a importancia dunha figura sacerdotal, dun liderado eclesial, non clerica- lizado; unha das críticas máis frecuentes, duras e mesmo acedas do Papa actual van diri- xidas contra o clericalismo, como enfermidade eclesial, estrutural, á que se considera responsable de moitos proble- mas dentro da Igrexa.

Pero, sendo isto así, per- sisten os modelos sacerdotais clericais, con aires clásicos ou con aires modernistas. E un pregúntase por que? E conside- ramos que esta pregunta nola debemos facer con seriedade,

porque nos xogamos moito na resposta. Por que non acaba de callar un modelo sacerdotal que responda aos criterios de quen quere unir e dinamizar a Igrexa desde hai 10 anos? Por que a sensibilidade tradicional ten máis acollida entre a mocidade do que as novas maneiras supostamente máis atinadas? Que hai de medos ou de despeito, segundo cada caso, para que as cousas sexan así?

Un factor certamente determinante puideron ser as orientacións formativas dadas desde Roma durante os pontificados de Xoán Paulo II e Benedito XVI, e especialmente os nomeamentos de bispos e de reitores e formadores dos seminarios durante eses longos 35 anos, con formas de facer que en moitos casos persisten ata o día de hoxe. Así estase a dar un evidente desaxuste entre o desexado desde o papado e o que en moitas dioceses se ofrece. Por iso foi, pensamos, polo que o ano pasado desde Roma se promoveu unha revisión de todos os seminarios españois, para ver o por que das escasas vocacións sacerdotais e as maneiras concretas de orientar a súa formación. Nada se

publicou sobre a cuestión. Só nos chegan rumores. Parece que todo segue a ser como viña sendo, pero confiamos que algo vaia cambiando.

Os Papas pasados entenderon a importancia de facer sementeira dos modelos sacerdotais e eclesiais, que eles consideraban oportunos. E algo así, con todo o dereito, está facendo tamén o Papa actual. Chama a atención a liña de certos bispos nomeados ultimamente, tanto en España coma noutros países. Como exemplo significativo, chama a atención que un bispo auxiliar como José Cobo, de Madrid, sexa elixido Arcebispo desa diocese de golpe, e aos poucos días sexa nomeado cardeal, con 57 anos, o que supón un exercicio do cargo duns 30 anos! Dentro dunha relación sólida con Deus, como Pai ou Nai, simplicidade no ser e nas formas, aire acolledor dunha Igrexa aberta a todo o mundo, predominio da misericordia, sensibilidade social, unha Igrexa pobre para a xente pobre especialmente..., por aí parece que van as preferencias á hora de acoller e formar liderados na Igrexa. Dise que un dos temas centrais do Sínodo sobre a Sinodalidade a cele-

brar neste outono e no do ano seguinte vai ser o da formación nos seminarios. Oxalá tanta sementeira dea os necesarios froitos soñados!

6.- Un novo Prefecto para unha renovada función

Dentro deses últimos nomeamentos dos que falabamos antes, cabe subliñar o de Víctor Manuel Fernández, arcebispo de La Plata, Arxentina, desde o ano 2017, como novo Prefecto do dicasterio para a Doutrina da Fe, que leva consigo tamén ser Presidente da Pontificia Comisión Bíblica e da Comisión Teolóxica Internacional. Foi o 1 de xullo pasado. Substitúe ao xesuíta español Luís Francisco Ladaria Ferrer, que remataba o seu mandato.

Manuel Fernández, 61 anos, é un destacado teólogo e pastor, dunha ampla produción teolóxica en libros e artigos, que, entre outros servizos, desempeñaba o de Decano da Facultade de Teoloxía da Pont. Univ. Cat. Arxentina, Presidente da Sociedade Teolóxica Arxentina e Membro do Dicasterio para a Cultura e a Educación. É a primeira persoa arxentina nomeada

para un cargo de relevo no Vaticano; nos criterios e formas pastorais é moi próximo ao Papa Francisco, co que ten colaborado, p. ex., na redacción do documento final da V Conferencia do episcopado latinoamericano de Aparecida (2007), que está no fondo do proxecto pastoral que o Papa nos ofreceu na «*Evangelii gaudium*».

Pero máis que a elección en si mesma penso que cómpre fixarse na carta, breve e densa, que lle dirixiu ao electo no momento da elección. Paga ben a pena lela de vagar, porque axuda a resituar a función do dicasterio da Doutrina da Fe, tantas veces cuestionado, e a función da mesma teoloxía no conxunto da vida cristiá e do traballo de evanxelización: «dar razón da nosa esperanza, pero non como inimigos que sinalan e condenan.»

Recoñece o Papa que o tal dicasterio «chegou a utilizar métodos inmorais» porque «máis que promover o saber teolóxico perseguíanse posibles erros doutrinarios». Trátase por unha banda de «aumentar a intelixencia e a transmisión da fe ao servizo da evanxelización,

de xeito que a súa luz sexa criterio para comprender o significado da existencia, sobre todo fronte ás preguntas que propoñen o progreso das ciencia e o desenvolvemento da sociedade». E tamén de «ter en conta que a Igrexa necesita medrar na súa interpretación da Palabra revelada e na súa comprensión da verdade, sen que isto implique imponer un único modo de expresala». «Este crecemento harmonioso preservará a doutrina cristiá máis eficazmente que calquera mecanismo de control.»

«Necesitamos –di tamén o Papa– que a Teoloxía estea atenta a un criterio fundamental: considerar inadecuada calquera concepción teolóxica que en último termo poña en dúbida a omnipotencia de Deus e, en especial, a súa misericordia. Cómprenos un pensamento que saiba presentar de xeito convincente un Deus que ama, que perdoa, que salva, que libera, que promove as persoas e as convoca a un servizo fraterno».

En fin, vallan estas poucas citas como invitación a unha lectura sapiencial dun texto todo el tamén sapiencial.

7.- A lima lima a lima

Ocorrúeseme este refrán para comentar unha circunstancia vital importante dunha persoa amiga, significativa para esta revista, que vostede está lendo. Refrán popular, algo refinado na forma, que ben se podería substituír por estoutro máis prosaico: «Non hai terra tan brava que non amoleza coa eixada». Estoume referindo a Andrés Torres Queiruga, en algo que ten moito que ver cos ditos papais do apartado anterior.

Andrés Torres Queiruga foi director da revista *ENCRUCILLADA* desde os seus comezos no ano 1977 ata o 2007, e desde esta data Presidente da Asociación Encrucillada, asociación que leva a cabo dúas tarefas fundamentais: edición da revista (46 anos de vida xa!) e sostemento da Escola Galega de Espiritualidade a partir do ano 1994.

Dentro do mundo da teoloxía Andrés é universalmente coñecido. Profesor do Instituto Teolóxico Compostelán en tempos, e en tempos tamén profesor de Filosofía da Relixión na universidade de Santiago de Compos-

tela; ten compartido o seu saber teolóxico con libros senlleiros, con artigos, con conferencias, co acompañamento de grupos de vida: celebración, reflexión, compromiso. O seu pensamento –sempre movido polo afán de facer vigorosamente crible a fe cristiá, a realidade eclesial no mundo moderno no que vivimos– tennos alentado e, ao tempo, tamén desacougado a moitas persoas, porque basicamente cuestiona rutinas doutrinais e esfórzase por dicir o medular da fe de sempre con formas novas que concienzudamente busca crear e expresar. Emporiso Torres Queiruga vivía nun relativo ensombrecemento institucional, desde que o 30 de marzo do 2012 recibira unha notificación da Comisión Episcopal da Fe, da CE Española, cuestionando algunhas propostas teolóxicas súas e esixíndolle aclaracións. Aclaracións ás que o Andrés se negou, máis que nada cuestionando o método de actuación da tal Comisión, sen o normal e serio diálogo previo, para evitar facer interpretacións do seu pensamento que non se correspondían coa realidade. Foi marxinado na súa diocese e noutras de España, aínda que

no estranxeiro seguiu a ter respecto e presenza como teólogo.

Pois ben, Andrés Torres Queiruga figura como poñente nas XXII Xornadas de Teoloxía que os días 6-7 de setembro organiza o ITC, dependente da arquidiocese compostelá, abordando o tema «Repensar a relación entre teoloxía e ciencia na actualidade». Parece que o novo arcebispo de Santiago, Francisco Prieto, quere rachar este incomprendible illamento intencionado. Estamos convencidos de que o labor teolóxico de Andrés responde á maneira de facer teoloxía que nos suxería o Papa Francisco na carta anteriormente comentada. A lima limou a lima. Parabéns para o Andrés, para a Igrexa.

8.- Todos, todas, todos: aquí collemos todos

Do 1 ao 6 de setembro celebrouse este ano en Lisboa a Xornada Mundial da Mocidade (XMM). Un millón e medio de mozos e mozas, cen mil españois/las. Unha boa maioría provenientes de movementos especializados de mocidade; moita menor afluencia de mozos e mozas vencelladas a

grupos directamente diocesanos. O lema ofrecido polo Papa Francisco copiaba este ano as palabras de Lucas: «María ergueuse e saíu con moita présa» (Lc 1, 39).

Aínda que o cardeal Manuel Clemente, Patriarca de Lisboa, oficiou a recepción oficial o venres 1 de setembro, xa desde días antes fora chegando a mocidade peregrina, que puido gozar da acollida de moitas familias portuguesas. Coma sempre, foi un primeiro bautizo de solidariedade.

A partir de aí, durante os días 2-3-4, a mocidade puido asistir ás *rise up* (erguerse), catequeses dadas por diferentes bispos en diferentes lugares sobre temas como ecoloxía integral, amizade social, misericordia, que foron tratados segundo o talante propio de cada orador, que ás veces non deixaba de levar a auga ao seu rego. Ao mesmo tempo, e como algo orixinal, na así chamada «Cidade da Alegría», preto de Belén, a mocidade puido visitar a Feira das Vocacións, onde se amosaban propostas vocacionais de diferentes movementos eclesiais e ordes relixiosas, e participar no

Parque do Perdón, onde podían reconciliarse co Sacramento dese nome.

O día 3 chegou a Papa a Lisboa e tivo a súa primeira inmersión na Xornada no Outeiro do Encontro. Empezaría a mensaxe insistente e inclusiva do Papa: Aquí, e na Igrexa, collen todos, todas, todos; mensaxe que pretenderon contradicir os grupos de peregrinos que se volveron contra grupos LGTBI que ordenadamente estaban a participar do evento. (Véxase o comunicado de protesta ao respecto neste mesmo número da revista.) E foi indo a máis o ambiente festeiro do encontro e tamén a súa caracterización crente, relixiosa. Un fervedoiro de fe nos corazóns, na boca, nos xestos da xente nova, que callou no Festival de Acollida e tamén no *Via Crucis*, que se celebrou o 4 pola noite.

O 5 tivo lugar a Vixilia de oración no Campo da Graza; impresionante para moita xente aquela masa dun millón de mozos e mozas axeonlladas ante o Santísimo, nunha práctica tradicional que se está a converter nun elemento central, básico, de movementos

de mocidade como Hakuna, que seguramente estaban alí moi ben representados. E, para rematar, a Eucaristía de envío misioneiro e o encontro co Papa co voluntariado.

En relación con outras XMM, a deste ano presentou importantes novidades, que falan da creatividade de quen está no cuarto de atrás destes acontecementos internacionais: 1. Ás familias de acollida sumáronse as familias que logo estaban alí para todo; 2. A visita para levar a Xornada a persoas e grupos sociais que non podían asistir (residencias, hospitais, centros de drogodependentes, xente sen mobilidade...). 3. Os contidos das catequese *Rise up*. 4. A Feira das Vocacións; 5. O Parque do Perdón; 6. Un tempo e espazo para a presentación das persoas *influencers* católicas; 7. O coro e as orquestras que fixeron da música e das letras unha canle de interiorización e de expresión da fe.

Podemos discutir, e discútese, o aire, o fondo ideolóxico das Xornadas, por estaren case que apropiadas por unha mocidade de mentalidade conservadora no civil e no relixioso

(os que p. ex., berraban «que te bote Txapote»), que pode estar en parte sustentada con ideas e cartos por grupos moi conservadores españois e internacionais. Quen isto escribe nunca participou nunha XMM. Pero segundo o testemuño de persoas que si o teñen feito e nos merecen toda a confianza, algo, algo hai aí, que non se resolve en clave simplemente política. Algo hai aí que ole, sabe a fondura, a liberdade, a implicación, a solidariedade, a Deus.

A próxima XMM (JMJ) será en Seul (Corea do Sur) no ano 2027.

9.- A pouquitude solidaria

E do 1 ao 4 de setembro o Papa viaxa a Mongolia, país do centro de Asia, cunha extensión de tres Españas e cunha poboación duns 3 millóns e medio de habitantes; deles só uns 1.500 católicos. Por que foi o Papa alí e por que foi xustamente despois das multitudinarias xornadas da XMM? Polo que el mesmo dixo, para poñer en valor precisamente unha pequena parcela da Igrexa, froito dun esforzo misioneiro recente. A admiración pola

tenacidade do pequeno! A admiración pola pouquidade solidaria!

Porque de solidariedade ía tamén esta viaxe. Primeiro cara ao pequeno grupo de católicos do país; logo cara ao catolicismo chinés, que estaba alí ás portas, pero que recibiu a prohibición do réxime de acudir á cita co Papa, prohibición que algúns ignoraron. Despois para as persoas máis necesitadas que haberán de ser acollidas na Casa da Misericordia que o mesmo Papa inaugurou.

A maiores, e subliñámolo con paixón, o acto ecuménico e interrelixioso que se celebrou o día 3 no *Hun Theatre* da capital, onde líderes xamáns, sintoístas, budistas, islamistas, xudeus, indús, católicos... (ata 11 representacións) compartiron fe e vontade de contribuír á convivencia das relixións e de ofrecer o que cada tradición relixiosa era quen de poder achegar. Neste ambiente o Papa ofreceu os seus particulares 10 mandamentos do diálogo interrelixioso: 1. Boa relación coa tradición. 2. Alianza xeracional. 3. Coidado da casa común. 4. Valor do silencio. 5. Fruga-

lidade. 6. Acollida. 7. Resistir o apego polas cousas. 8. Solidariedade. 9. Aprecio pola sinxeleza. 10. Certo pragmatismo existencial.

Imaxinámonos hai x anos un Papa sentado como un máis nun encontro con outros líderes relixiosos, presidido por un monxe budista, valorando a graza de cada tradición, invitando a que cada quen a ofrezca como mellor poida, recoñecendo en todas as tradicións unha presenza do divino, recoñecendo polo tanto que Deus é máis ca todos os credos, que a todos os sustenta, que en todos se ofrece, e iso sen deixar de crer que é en Cristo onde mellor se visualiza o rostro de Deus como Pai ou Nai de misericordia sen límites, universal? A máis de un lle poderá parecer que estamos renunciando á nosa preeminencia. Pero tamén aquí, coma en tantas outras cousas e momentos, quizais a nosa maneira de pensar non é a de Deus, senón unha maneira de pensar humana (cfr. Mt 16, 23b).

Aquilo da XMM: aquí collemos todos, todas, adquire con isto unha dimensión ben creativa, ben provocadora: sabernos

integrar no todo sen deixarmos de ser quen somos. A fermosura do poliedro sobre do círculo! A harmonía na diversidade, á que con forza se referiu na súa comunicación.

10.- Despedida

E máis nada por hoxe, que xa vai abondo. Dentro de nada andaremos en sinodalidades, que están sendo criticadas con medos e amarguras por algúns grupos eclesiais. Vaia por Deus! Diso falaremos na seguinte crónica. Unha palabra dolorosa, amarga, polo descontrol revolucionario da Fronte Sandinista en Nicaragua nas mans de Daniel Ortega e Rosario Murillo, con tantas medidas obsce-

nas, unha delas e ben absurda a da supresión da UCA xesuítica e a confiscación dos seus bens. Como se a UCA non tivese sido unha escola de pensamento humanista libre que en horas mouras termou, mesmo co testemuño do sangue, dos soños do pobo nicaragüense! Anda ben revolta Latinoamérica, sen atopar camiño, e o que pode suceder en Arxentina co ultraliberal Javier Milei, que non para de emporcar o nome e a imaxe do Papa Francisco!

Ben, non deixedes de gozar dalgún magosto popular. Saúdos e apertas á vosa xentiña. Ata a que veña.

Manuel Regal Ledo